



II PREMIO MASONERIA ABERTA

Muller, Progreso e Masonería

BASES DO PREMIO

Dentro da política de impulso e fomento da investigación e divulgación relacionada coa Masonería, convócase a segunda edición dos Premios de Investigación e Divulgación, coa finalidade de recoñecer e estimular accións relevantes nestes eidos.

A dotación económica destes premios e proporcionada polo Instituto de Estudos Masónicos de Galicia e pola Respetable Loxia Suevia 2095 de Ourense y bajo los auspicios de la Orden Masónica Mixta Internacional “El Derecho Humano”.

En colaboración coa Facultade de Historia do Campus de Ourense, o Instituto de Estudos Masónicos de Galicia convoca a segunda edición dos Premios de Investigación e Divulgación, de conformidade coas seguintes:

BASES

Primeira- Obxecto da convocatoria

O Instituto de Estudos Masónicos de Galicia, en colaboración coa Facultad de Historia de Ourense, da Universidade de Vigo, considera importante para estimular o estudo dos aspectos históricos e sociolóxicos do papel da Masonería na península Ibérica en xeral, e na Galicia en particular, premiar accións destacadas no ámbito da investigación a divulgación científica, que contribuían interesar ás novas xeracións de investigadores no papel histórico xogado pola Masonería e por destacados masones.

Neste senso, a convocatoria ten por obxecto regular o procedemento para recoñecer, difundir e premiar accións de investigación e divulgación científica, que resulten de interese para os obxectos de estudo da mesma dentro da temática específica “Muller, Progreso e Masonería”

Dentro de estos puntos poderá pesentarse taballos de fin de grao (TFG), traballos fin de mestrado (TFM), teses de Doutoramento ou contribucións científicas de alto impacto publicadas nos dous anos anteriores a convocatoria de este premio, coa salvedade de que non teñan sido presentadas previamente a éste en convocatorias anteriores.

Entendese por contribucións científicas aquelas que se realizan nos medios de difusión propios de cada ámbito de coñecemento, como poden ser artigos en revistas indexadas, libros, capítulos de libros, monografías, recensións, etc.

Tamén poderan presentarse traballos de investigación inéditos sempre e cando alcancen unha calidade contratada ó xuízo do xurado.

Segunda - Modalidades dos premios

O premio e os accésits no seu caso, consistirán no recoñecemento público outorgado polo Instituto de Estudos Masónicos de Galicia a través dunha certificación oficial que será entregada nun acto institucional organizado a tal efecto.

Asemade ó premio será dotado economicamente cunha dotación de 500,00 € por parte do Instituto de Estudos Masónicos de Galicia.

O premio tamén incluírá a publicación da obra gañadora por parte do Instituto de Estudos Masónicos de Galicia.

O xurado poderá conceder tantos accésit como estime oportunos, que se ben non terán dotación económica, o Instituto de Estudos Masónicos de Galicia publicará as obras que teñan obtido ditos accésits.

Terceira - Solicitude e prazo de presentación

Os/as interesados/as remitirán á Secretaría da Facultade de Historia de Ourense a documentación requirida presentándoa nos rexistro xeral ou auxiliares da Universidade de Vigo, ou nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A documentación presentarase en dous sobres separados (sobre 1 e sobre 2) dirixidos a Decana da Facultade de Historia de de Ourense, os sobres deberán estar pechados e conterán:

- Sobre 1. Nel incluírase o traballo ou mérito, acompañado dun resumo de ata 500 palabras, de ser posible en formato pdf. A documentación presentada non debe conter ningún elemento que o identifique sobre a autoría. No exterior deste sobre, debe figurar "Sobre 1" e como única referencia, o título do mérito presentado.
- Sobre 2. Incluírá a solicitude, onde se indicarán os datos e filiación do autor da aportación e toda aquela documentación complementaria que estime oportuna. No exterior deste sobre, debe figurar "Sobre 2" e como única referencia, o título do mérito presentado no Sobre 1.

As contribucións orixinais que concursen nesta convocatoria, serán devoltas ao/á autor/a, unha vez concluído o mesmo. Para iso, o/a solicitante deberá dirixirse por correo electrónico á secretaria do Instituto de Estudos Masónicos de Galicia

(secretaría@iemg.gal), nun prazo non superior a dous meses tras a resolución definitiva.

O prazo para a presentación de solicitudes remata o 30 de Setembro de 2019.

Cuarta - Procedemento e criterios de selección

Os premios a considerar na presente convocatoria serán valorados pola seguinte comisión xulgadora:

- A Decana da Facultade de Historia de Ourense ou persoa en quen delegue.
- Un representante da Respetable Loxia Suevia 2095
- O Presidente do IEMG, que actuará como secretario
- Dous investigadores de reconocido prestixio sobre masonería, a designar de forma conxunta pola Facultade de Historia de Ourense e o IEMG.

Os criterios para a valoración dos méritos serán:

- Calidade, rigor e metodoloxía científica axeitada ao problema exposto.
- Impacto factual ou potencial.

A comisión xulgadora poderá declarar deserto o premio de acordo coas valoracións obtidas ou por ausencia de solicitudes. En caso de que o premio se declare deserto, a súa cuantía se incorporará o premio da seguinte convocatoria.

Tamén, se é preciso e se estima oportuno a comisión xulgadora, poderá otorgalo exequo entre dous ou mais persoas.

O fallo non estará suxeito á apelación.

Quinta - Resolución do procedemento

A Comisión elevarán as propostas de concesión dos respectivos premios ao presidente do Instituto de Estudos Masónicos de Galicia, quen emitirá a resolución correspondente, que será comunicada en tempo e forma ó gañador ou gañadores.

Sexta - Entrega de premios

A entrega de premios realizarase nun evento público organizado conxuntamente entre o IEMG, a Respetable Loxia Suevia 2095 e a Facultade de Historia da Universidade de Vigo. Dito evento terá lugar en Decembro de 2019 coincidindo coa publicación da seguinte convocatoria do premio.

Septima - Aceptación das presentes bases

O feito de participar nesta convocatoria implica a aceptación das súas bases.